

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ADOPTADA CON MOTIVODA CELEBRACIÓN DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

No ano 1975, a ONU celebrou por primeira vez o 8 de marzo como Día Internacional das Mulleres. Esta data, que desde comezos do século XX recolleu no calendario internacional as reivindicacións dos movementos feministas e de mulleres, adquiriu a partir dese ano unha dimensión institucional e os poderes públicos comezaron a empregala de forma global para difundir os dereitos das mulleres e as actuacións públicas dirixidas a promover a igualdade de xénero.

A Historia tende a presentar os avances relativos a igualdade entre mulleres e homes como resultado do progreso social que se alcanza por si só, froito da evolución natural propia dunha sociedade civilizada. Este relato recorrente invisibiliza a loita das mulleres polos seus dereitos, así como a contribución do feminismo nos avances acadados.

A conmemoración do 8 de marzo implica necesariamente un recoñecemento da historia das mulleres, das súas vindicacións, sacrificios e resistencias, así como das imprescindibles contribucións sociais e políticas dos movementos feministas a favor da igualdade na nosa sociedade. É un día hoxe, polo tanto, para lembrar todas as mulleres que nos precederon, aquelas que loitaron e fixeron posible os dereitos que actualmente temos.

A igualdade de xénero significa igual visibilidade, empoderamento, responsabilidade e participación. Tamén significa igualdade no acceso e na distribución dos recursos entre mulleres e homes. Aínda que o estatus legal das mulleres mellorou no noso país durante as últimas décadas, a igualdade real e efectiva continúa lonxe de ser unha realidade. As fendas de xénero persisten en moitos ámbitos da sociedade. No ámbito salarial, por exemplo, esta fenda sitúase nun 22,4% en Galicia, seis puntos por riba da media da Unión Europea (Informe Consello Galego das Mulleres 2016). Asemade, tres de cada catro persoas con xornadas a tempo parcial son mulleres. No ámbito do coidado e das responsabilidades no fogar, os desequilibrios entre homes e mulleres son tamén substantivos. Así, a dedicación diaria das mulleres con fillos e fillas a estas tarefas case duplica a dos homes (INE, 2016). Estes espazos e moitos outros vense afectados polas

desigualdades de xénero pois a discriminación cara ás mulleres ten un carácter horizontal e estrutural; impregna todos os sectores, niveis e ámbitos durante toda a vida.

As desigualdades de xénero tenden a agregarse durante o curso da vida, de tal xeito que determinadas desvantaxes que sofren as mulleres nas primeiras etapas da vida provocan desvantaxes nas etapas posteriores limitando as súas capacidades de elección e condicións de vida.

Por todas estas razóns é importante dende as institucións públicas facer fronte á discriminación e poñer todos os medios necesarios ao alcance para lograr unha igualdade plena. É preciso un modelo económico e de organización social que poña no centro as persoas, o sustento da vida. Un modelo que recoñeza o valor social dos coidados, que promova a corresponsabilidade dos homes neste labor e que facilite a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Un modelo que garanta tamén a liberdade das mulleres sobre os seus propios corpos e a elección da maternidade.

Non podemos tampouco nesta declaración deixar de amosar de novo a nosa condena cara ás violencias machistas, a expresión máis extrema das desigualdades de xénero que sofren as mulleres e que constitúe un dos problemas máis graves que debe afrontar actualmente a nosa sociedade. Erradicar este feminicidio deber ser unha prioridade política para todos os poderes públicos e temos que ser capaces de construír de forma urxente unha resposta unánime e firme. Así, a loita contra as violencias machistas debe ser unha cuestión de Estado e abordada dun xeito integral, facendo especial fincapé na educación en todas as etapas do ensino e a prevención.

O Día Internacional das Mulleres debe ser tamén un día de compromiso, que sirva para reafirmar coa cidadanía a convicción do Concello de Santiago de Compostela de seguir impulsando cantas accións sexan precisas para alcanzar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes, contribuíndo así á construción dunha sociedade máis democrática e máis xusta. Porén, para que este avance sexa posible precisase do traballo conxunto e continuado da sociedade, das mulleres e dos homes, do tecido asociativo, dos partidos políticos e dos poderes públicos. Por iso, de novo, desexamos que esta declaración transcenda o propio marco temporal do mes de marzo e se converta nunha actitude constante e permanente que presida a nosa acción todos os meses do ano.